

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

| Código   | Centro         | Concello | Ano académico |
|----------|----------------|----------|---------------|
| 36013448 | Manuel Antonio | Vigo     | 2023/2024     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional      | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo  | Grao                               | Réxime                |
|-------------------------------|--------------------------|---------------------------|------------------|------------------------------------|-----------------------|
| TCP                           | Téxtil, confección e pel | CSTCP01                   | Patronaxe e moda | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de proba libre |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome  | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|---|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0165       | Xestión da calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental | 2023/2024 | 0                | 105          | 0              |
| MP0165_33    | Protección ambiental e xestión de residuos industriais                    | 2023/2024 | 0                | 30           | 0              |
| MP0165_23    | Riscos laborais   | 2023/2024 | 0                | 30           | 0              |
| MP0165_13    | Xestión da calidade   | 2023/2024 | 0                | 45           | 0              |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| Profesorado asignado ao módulo | MARIA JESUS GÁNDARA LORENZO, NOA FRÍAS NORES (Subst.) |
| Outro profesorado              | NOA FRÍAS NORES                                       |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo   |
|--|
| (MP0165_23) RA1 - Define actuacións para facilitar a implantación e o mantemento dos sistemas da prevención de riscos laborais, e interpreta os seus conceptos e os seus factores básicos.         |
| (MP0165_33) RA1 - Define actuacións para facilitar a implantación e o mantemento dos sistemas de xestión ambiental, e interpreta os seus conceptos e os seus factores básicos.                     |
| (MP0165_13) RA1 - Define actuacións para facilitar a implantación e o mantemento dos sistemas de aseguramento da calidade, e interpreta os seus conceptos e factores básicos.                      |
| (MP0165_33) RA2 - Recoñece os principais focos contaminantes que se poden xerar na actividade das empresas de fabricación mecánica, e describe os efectos dos axentes contaminantes sobre o medio. |
| (MP0165_13) RA2 - Define actuacións para facilitar a posta en práctica e o mantemento dos modelos de excelencia empresarial, e interpreta os seus conceptos e os seus factores básicos.            |

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo  |
|---|
| (MP0165_33) CA1.1 Identifícase o ordenamento xurídico autonómico, estatal e da Unión Europea en materia de ambiental.   |
| (MP0165_13) CA1.1 Identifícanse os fundamentos e os principios dos sistemas de aseguramento da calidade.  |
| (MP0165_23) CA1.1 Identifícanse os fundamentos e os principios dos sistemas de prevención de riscos laborais.   |
| (MP0165_33) CA1.2 Identifícanse os fundamentos e os principios dos sistemas de xestión ambiental.   |
| (MP0165_13) CA1.2 Identifícanse os elementos da infraestrutura da calidade: entidades de normalización, certificación e acreditación, laboratorios de ensaio, laboratorios de calibraxe, e entidades auditoras e de inspección. |
| (MP0165_23) CA1.2 Identifícanse os requisitos establecidos nos sistemas de xestión de prevención de riscos laborais.  |
| (MP0165_33) CA1.3 Identifícanse os requisitos legais establecidos nos sistemas de xestión ambiental.  |

| Criterios de avaliación do currículo   |
|--|
| (MP0165_13) CA1.3 Identifícanse os requisitos legais establecidos nos sistemas de xestión da calidade.   |
| (MP0165_23) CA1.3 Descríbense os elementos dun plan de emerxencia no ámbito da empresa.  |
| (MP0165_33) CA1.4 Descríbense os requisitos e o procedemento que se deben incluír nunha auditoría interna.   |
| (MP0165_13) CA1.4 Descríbense os requisitos e o procedemento que se deben incluír nunha auditoría interna de calidade.   |
| (MP0165_23) CA1.4 Explicouse mediante diagramas e organigramas a estrutura funcional da prevención de riscos laborais nunha empresa tipo.                                      |
| (MP0165_33) CA1.5 Descríbiuse o soporte documental e os requisitos que deben conter os documentos para a análise do funcionamento dos sistemas de xestión ambiental.           |
| (MP0165_13) CA1.5 Descríbiuse o soporte documental e os requisitos mínimos que deben conter os documentos para a análise do funcionamento dos sistemas de xestión da calidade. |
| (MP0165_23) CA1.5 Descríbense os requisitos e o procedemento que se deben incluír nunha auditoría interna de prevención de riscos laborais.                                    |
| (MP0165_33) CA1.6 Interpretouse o contido das normas que regulan a protección ambiental.   |
| (MP0165_13) CA1.6 Interpretouse o contido das normas que regulan o aseguramento da calidade.   |
| (MP0165_23) CA1.6 Descríbiuse o soporte documental e os requisitos mínimos que debe conter o sistema documental da prevención de riscos laborais.                              |
| (MP0165_33) CA1.7 Elaboráronse procedementos para o control da documentación dun sistema de xestión ambiental.   |
| (MP0165_13) CA1.7 Controlouse a documentación dun sistema de aseguramento da calidade.   |
| (MP0165_23) CA1.7 Controlouse a documentación dun sistema de xestión de prevención de riscos laborais.   |
| (MP0165_33) CA1.8 Descríbense as técnicas de promoción da redución de contaminantes.   |
| (MP0165_13) CA1.8 Descríbiuse o procedemento estándar de actuación nunha empresa para a certificación nun sistema de calidade.   |
| (MP0165_23) CA1.8 Clasifícanse os sistemas de protección colectiva en relación cos perigos de que protexen.  |
| (MP0165_33) CA1.9 Descríbiuse o programa de control e redución de contaminantes.   |

**Crterios de avaliación do currículo**

(MP0165\_23) CA1.9 Clasifícanse os equipamentos de protección individual en relación cos perigos de que protexen.

(MP0165\_33) CA1.10 Establecéronse pautas de compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade.

(MP0165\_23) CA1.10 Clasifícanse os sistemas de sinalización de seguridade en relación cos perigos de que advirten.

(MP0165\_23) CA1.11 Descríbense as operacións de mantemento, conservación e reposición dos equipamentos de protección individual.

(MP0165\_23) CA1.12 Descríbiuse o xeito de uso dos equipamentos de protección individual.

(MP0165\_23) CA1.13 Identifícanse as técnicas e os medios de protección contra incendios.

(MP0165\_23) CA1.14 Identifícanse as técnicas para a mobilización, o traslado e a almacenaxe de materiais.

(MP0165\_23) CA1.15 Descríbense as técnicas de promoción da prevención de riscos laborais.

(MP0165\_23) CA1.16 Avaliáronse os riscos dun medio de produción segundo a norma.

(MP0165\_23) CA1.17 Relacionáronse os factores de risco coas técnicas preventivas de actuación.

(MP0165\_33) CA2.1 Representouse mediante diagramas o proceso produtivo dunha empresa tipo de fabricación mecánica.

(MP0165\_13) CA2.1 Identifícanse os conceptos e as finalidades dun sistema de calidade total.

(MP0165\_33) CA2.2 Identifícanse os principais axentes contaminantes atendendo á súa orixe, así como os efectos que producen sobre os medios receptores.

(MP0165\_13) CA2.2 Descríbiuse a estrutura organizativa do modelo EFQM, e identifícanse as súas vantaxes e os seus inconvenientes.

(MP0165\_33) CA2.3 Elaborouse o inventario dos aspectos ambientais xerados na actividade industrial.

(MP0165\_13) CA2.3 Detectáronse as diferenzas entre o modelo de EFQM e outros modelos de excelencia empresarial.

(MP0165\_33) CA2.4 Clasifícanse os focos en función da súa orixe e propuxéronse medidas correctoras.

(MP0165\_13) CA2.4 Descríbense os requisitos e o procedemento que se deben incluír nunha avaliación do modelo.



| Criterios de avaliación do currículo   |
|--|
| (MP0165_33) CA2.5 Identifícanse os límites legais aplicables.  |
| (MP0165_13) CA2.5 Descríbense metodoloxías e ferramentas de xestión da calidade (os cinco eses , xestión de competencias, xestión de procesos, etc.).                        |
| (MP0165_33) CA2.6 Identifícanse as técnicas de mostraxe incluídas na lexislación ou nas normas de uso para cada tipo de contaminante.  |
| (MP0165_13) CA2.6 Descríbense as técnicas avanzadas para a xestión da calidade (QFD, AMFE, Poka-Yoke, etc.).   |
| (MP0165_33) CA2.7 Identifícanse as principais técnicas analíticas utilizadas, consonte a lexislación e as normas internacionais.   |
| (MP0165_13) CA2.7 Relacionáronse as metodoloxías e as ferramentas de xestión da calidade co seu campo de aplicación.   |
| (MP0165_33) CA2.8 Explicouse o procedemento de recollida de datos máis idóneo para os aspectos ambientais asociados á actividade ou ao produto.                              |
| (MP0165_13) CA2.8 Defíníronse os principais indicadores dun sistema de calidade nas industrias de fabricación mecánica.  |
| (MP0165_33) CA2.9 Aplícanse programas informáticos para o tratamento dos datos e realizáronse cálculos estatísticos.   |
| (MP0165_13) CA2.9 Seleccionáronse as áreas de actuación en función dos obxectivos de mellora indicados.  |
| (MP0165_13) CA2.10 Relacionáronse os obxectivos de mellora caracterizados polos seus indicadores coas metodoloxías ou as ferramentas da calidade susceptibles de aplicación. |
| (MP0165_13) CA2.11 Planificouse a aplicación da ferramenta ou do modelo.   |
| (MP0165_13) CA2.12 Elaboráronse os documentos necesarios para a implantación e o seguimento dun sistema de xestión da calidade.  |
| (MP0165_13) CA2.13 Descríbiuse o procedemento estándar de actuación nunha empresa para a obtención do recoñecemento da excelencia empresarial.                               |

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo   |
|--|
| (MP0165_23) RA1 - Define actuacións para facilitar a implantación e o mantemento dos sistemas da prevención de riscos laborais, e interpreta os seus conceptos e os seus factores básicos. |

| <b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>  |
|--|
| (MP0165_33) RA1 - Define actuacións para facilitar a implantación e o mantemento dos sistemas de xestión ambiental, e interpreta os seus conceptos e os seus factores básicos.                     |
| (MP0165_13) RA1 - Define actuacións para facilitar a implantación e o mantemento dos sistemas de aseguramento da calidade, e interpreta os seus conceptos e factores básicos.                      |
| (MP0165_33) RA2 - Recoñece os principais focos contaminantes que se poden xerar na actividade das empresas de fabricación mecánica, e describe os efectos dos axentes contaminantes sobre o medio. |
| (MP0165_13) RA2 - Define actuacións para facilitar a posta en práctica e o mantemento dos modelos de excelencia empresarial, e interpreta os seus conceptos e os seus factores básicos.            |

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| <b>Criterios de avaliación do currículo</b>   |
|---|
| (MP0165_13) CA1.1 Identificáronse os fundamentos e os principios dos sistemas de aseguramento da calidade.  |
| (MP0165_13) CA1.2 Identificáronse os elementos da infraestrutura da calidade: entidades de normalización, certificación e acreditación, laboratorios de ensaio, laboratorios de calibraxe, e entidades auditoras e de inspección. |
| (MP0165_23) CA1.3 Descríbense os elementos dun plan de emerxencia no ámbito da empresa.   |
| (MP0165_23) CA1.4 Explicouse mediante diagramas e organigramas a estrutura funcional da prevención de riscos laborais nunha empresa tipo.   |
| (MP0165_33) CA1.7 Elaboráronse procedementos para o control da documentación dun sistema de xestión ambiental.  |
| (MP0165_13) CA1.7 Controlouse a documentación dun sistema de aseguramento da calidade.  |
| (MP0165_23) CA1.7 Controlouse a documentación dun sistema de xestión de prevención de riscos laborais.  |
| (MP0165_33) CA1.8 Descríbense as técnicas de promoción da redución de contaminantes.  |
| (MP0165_13) CA1.8 Descríbiuse o procedemento estándar de actuación nunha empresa para a certificación nun sistema de calidade.  |
| (MP0165_23) CA1.8 Clasificáronse os sistemas de protección colectiva en relación cos perigos de que protexen.   |
| (MP0165_33) CA1.9 Descríbiuse o programa de control e redución de contaminantes.  |
| (MP0165_23) CA1.9 Clasificáronse os equipamentos de protección individual en relación cos perigos de que protexen.  |

**Cráterios de avaliación do currículo**

(MP0165\_33) CA1.10 Establecéronse pautas de compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade.

(MP0165\_23) CA1.10 Clasificáronse os sistemas de sinalización de seguridade en relación cos perigos de que advirten.

(MP0165\_23) CA1.11 Describíronse as operacións de mantemento, conservación e reposición dos equipamentos de protección individual.

(MP0165\_23) CA1.12 Describiuse o xeito de uso dos equipamentos de protección individual.

(MP0165\_23) CA1.13 Identificáronse as técnicas e os medios de protección contra incendios.

(MP0165\_23) CA1.14 Identificáronse as técnicas para a mobilización, o traslado e a almacenaxe de materiais.

(MP0165\_23) CA1.15 Describíronse as técnicas de promoción da prevención de riscos laborais.

(MP0165\_23) CA1.16 Avaliáronse os riscos dun medio de produción segundo a norma.

(MP0165\_23) CA1.17 Relacionáronse os factores de risco coas técnicas preventivas de actuación.

(MP0165\_33) CA2.1 Representouse mediante diagramas o proceso produtivo dunha empresa tipo de fabricación mecánica.

(MP0165\_33) CA2.2 Identificáronse os principais axentes contaminantes atendendo á súa orixe, así como os efectos que producen sobre os medios receptores.

(MP0165\_33) CA2.4 Clasificáronse os focos en función da súa orixe e propuxéronse medidas correctoras.

(MP0165\_13) CA2.4 Describíronse os requisitos e o procedemento que se deben incluír nunha avaliación do modelo.

(MP0165\_13) CA2.5 Describíronse metodoloxías e ferramentas de xestión da calidade (os cinco eses , xestión de competencias, xestión de procesos, etc.).

(MP0165\_33) CA2.6 Identificáronse as técnicas de mostraxe incluídas na lexislación ou nas normas de uso para cada tipo de contaminante.

(MP0165\_13) CA2.6 Describíronse as técnicas avanzadas para a xestión da calidade (QFD, AMFE, Poka-Yoke, etc.).

(MP0165\_33) CA2.7 Identificáronse as principais técnicas analíticas utilizadas, consonte a lexislación e as normas internacionais.

(MP0165\_13) CA2.7 Relacionáronse as metodoloxías e as ferramentas de xestión da calidade co seu campo de aplicación.

**Crterios de avaliación do currículo**

(MP0165\_33) CA2.8 Explicouse o procedemento de recollida de datos máis idóneo para os aspectos ambientais asociados á actividade ou ao produto.

(MP0165\_13) CA2.8 Definíronse os principais indicadores dun sistema de calidade nas industrias de fabricación mecánica.

(MP0165\_13) CA2.9 Seleccionáronse as áreas de actuación en función dos obxectivos de mellora indicados.

(MP0165\_13) CA2.10 Relacionáronse os obxectivos de mellora caracterizados polos seus indicadores coas metodoloxías ou as ferramentas da calidade susceptibles de aplicación.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Os criterios para avaliar ao alumnado que se presenta ás probas libres é comprobar se o nivel de asimilación dos contidos son os seguintes atendendo a cada un dos Resultados de aprendizaxe:

**MÍNIMOS ESIXIBLES****Unidade formativa 1: Xestión da calidade**

- Identificar os fundamentos e os principios dos sistemas de aseguramento da calidade.
- Identificar os elementos da infraestrutura da calidade: entidades de normalización, certificación e acreditación, laboratorios de ensaio, laboratorios de calibraxe, e entidades auditoras e de inspección.
- Identificar os requisitos legais establecidos nos sistemas de xestión da calidade
- Describir os requisitos e o procedemento que se deben incluír nunha auditoría interna de calidade.
- Describir o soporte documental e os requisitos mínimos que deben conter os documentos para a análise do funcionamento dos sistemas de xestión da calidade.
- Interpretar o contido das normas que regulan o aseguramento da calidade.
- Controlar a documentación dun sistema de aseguramento da calidade.
- Describir o procedemento estándar de actuación nunha empresa para a certificación nun sistema de calidade.
- Identificar os conceptos e as finalidades dun sistema de calidade total.
- Describir a estrutura organizativa do modelo EFQM, e identificáronse as súas vantaxes e os seus inconvenientes.
- Detectar as diferenzas entre o modelo de EFQM e outros modelos de excelencia empresarial.



- Describir os requisitos e o procedemento que se deben incluír nunha avaliación do modelo.
- Describir metodoloxías e ferramentas de xestión da calidade (os cinco eses , xestión de competencias, xestión de procesos, etc.).
- Describir as técnicas avanzadas para a xestión da calidade (QFD, AMFE, Poka-Yoke, etc.).
- Relacionar as metodoloxías e as ferramentas de xestión da calidade co seu campo de aplicación.
- Definir os principais indicadores dun sistema de calidade nas industrias de fabricación mecánica.
- Seleccionar as áreas de actuación en función dos obxectivos de mellora indicados
- Relacionar os obxectivos de mellora caracterizados polos seus indicadores coas metodoloxías ou as ferramentas da calidade susceptibles de aplicación.
- Planificar a aplicación da ferramenta ou do modelo.
- Elaborar os documentos necesarios para a implantación e o seguimento dun sistema de xestión da calidade.
- Describir o procedemento estándar de actuación nunha empresa para a obtención do recoñecemento da excelencia empresarial.

#### Unidade formativa 2: Riscos Laborais

- Identificar os fundamentos e os principios dos sistemas de prevención de riscos laborais.
- Identificar os requisitos establecidos nos sistemas de xestión de prevención de riscos laborais.
- Describir os elementos dun plan de emerxencia no ámbito da empresa.
- Explicar mediante diagramas e organigramas a estrutura funcional da prevención de riscos laborais nunha empresa tipo.
- Describir os requisitos e o procedemento que se deben incluír nunha auditoría interna de prevención de riscos laborais.
- Describir o soporte documental e os requisitos mínimos que debe conter o sistema documental da prevención de riscos laborais.
- Controlar a documentación dun sistema de xestión de prevención de riscos laborais.
- Clasificar os sistemas de protección colectiva en relación cos perigos de que protexen.
- Clasificar os equipamentos de protección individual en relación cos perigos de que protexen.
- Clasificar os sistemas de sinalización de seguridade en relación cos perigos de que advirten.
- Describir o xeito de uso dos equipamentos de protección individual.
- Identificar as técnicas e os medios de protección contra incendios.
- Identificar as técnicas para a mobilización, o traslado e a almacenaxe de materiais.
- Describir as técnicas de promoción da prevención de riscos laborais.
- Avaliar os riscos dun medio de produción segundo a norma.
- Relacionar os factores de risco coas técnicas preventivas de actuación.

#### Unidade formativa 3: Protección ambiental e Xestión de residuos industriais

- Identificar o ordenamento xurídico autonómico, estatal e da Unión Europea en materia de ambiental.
- Identificar os fundamentos e os principios dos sistemas de xestión ambiental.
- Identificar os requisitos legais establecidos nos sistemas de xestión ambiental.
- Describir os requisitos e o procedemento que se deben incluír nunha auditoría interna.
- Describir o soporte documental e os requisitos que deben conter os documentos para a análise do funcionamento dos sistemas de xestión ambiental.
- Interpretar o contido das normas que regulan a protección ambiental.
- Elaborar procedementos para o control da documentación dun sistema de xestión ambiental.
- Describir as técnicas de promoción da redución de contaminantes.
- Describir o programa de control e redución de contaminantes.
- Establecer pautas de compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade
- Representar mediante diagramas o proceso produtivo dunha empresa tipo de fabricación mecánica.
- Identificar os principais axentes contaminantes atendendo á súa orixe, así como os efectos que producen sobre os medios receptores.
- Elaborar o inventario dos aspectos ambientais xerados na actividade industrial.
- Clasificar e os focos en función da súa orixe e propuxéronse medidas correctoras.
- Identificar os límites legais aplicables.
- Identificar as técnicas de mostraxe incluídas na lexislación ou nas normas de uso para cada tipo de contaminante.
- Identificar as principais técnicas analíticas utilizadas, consonte a lexislación e as normas internacionais.
- Explicouse o procedemento de recollida de datos máis idóneo para os aspectos ambientais asociados á actividade ou ao produto.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A primeira parte da proba, de carácter teórico, será eliminatoria. Terase en conta a claridade, calidade e adecuación ao que se pregunta da resposta. Cualificarase de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Superada a primeira proba procederase a realizar a segunda parte da mesma .

Terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos, que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Cualificarase de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

A cualificación final correspondente da proba do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de 4 puntos.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba suporá a realización dun exame teórico que versará sobre os contidos conceptuais do módulo. Pode constar de preguntas longas a desenvolver, dunha batería de preguntas curtas e/ou de tipo test.

No caso de preguntas tipo test as respostas incorrectas restarán unha porcentaxe que será determinada en función do número de preguntas deste tipo.

A duración da proba será dunha hora e media.

Será requisito indispensable para realizar a proba teórica presentarse co seguinte material:

- Bolígrafo azul.
- Calculadora científica (non se permitirá a utilización do teléfono móbil).

##### 4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte da proba consiste nun exame práctico-escrito cuxo contido poderá consistir en:

- Supostos prácticos
- Exercicios prácticos partindo dunha situación real a fin de solucionar situacións aplicando os contidos conceptuais do módulo.

A duración da proba será de dúas horas.

Será requisito indispensable para realizar a proba práctica presentarse co seguinte material:

- Bolígrafo azul e calculadora científica (non se permitirá a utilización do teléfono móbil).